

- [Inicio](#)
- [Institucional](#)
- [Investigación](#)
- [Actividades Académicas](#)
- [Cultura](#)
- [Alumnado](#)
- [Deportes](#)
- [Publicacións](#)
- [Opinión](#)

- [Axenda](#)
- [Quiosco](#)
- [Hemeroteca](#)

- [Campus de Ourense](#)
- [Campus de Pontevedra](#)
- [Campus de Vigo](#)

- [DUVI \(2001-2007\)](#)

A OMA pon en marcha a súa campaña semestral de recollida de residuos perigosos

En colaboración coa empresa SOGARISA S.A. visitará os tres campus



Romina Vázquez | Vigo

A Oficina de Medio Ambiente (OMA) vén de facer público o calendario de recollida de residuos perigosos que, de xeito ordinario, realiza semestralmente en colaboración coa empresa SOGARISA. Este xestor autorizado encárgase de recoller, almacenar, clasificar, determinar a cantidade de residuos producidos e transportalos ata as plantas de tratamento autorizado. Pola súa banda, a OMA exerce un labor de supervisión e seguimento para garantir a efectividade e o cumprimento do servizo.

Co obxectivo de recoller a produción completa de todos os centros da Universidade, con 10 días de antelación, a OMA pon o calendario en coñecemento dos diferentes laboratorios e conserxerías a través da lista de avisos de correo e da páxina web.

Calendario

No campus de Vigo procederase o vindeiro 1 de abril a recoller os residuos acumulados nas Facultades de Filoloxía e Tradución, Ciencias Económicas e Empresariais e Química, na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicacións, E.T.S de Enxeñeiros Industriais, E. T. S.E de Minas, o Edificio Fundición, o C.A.C.T.I e máis a Biblioteca Central. O xoves, 3 de abril, a recollida continuará na Facultade de Químicas e nos bloques A, B e C de Ciencias. Pola súa banda, o campus ourensán recibirá o luns 7 a visita dos membros da OMA, que acudirán á Facultade de Dereito, ao Edificio Politécnico, aos pavillóns I, II, e III e ao Edificio de Ferro.

En último lugar, a campaña de recollida de residuos trasladase o 8 de abril ao campus de Torrecedeira e ás facultades de Belas Artes e Ciencias Sociais e da Comunicación e ás Escolas Universitarias de Enxeñería Técnica Forestal e de Fisioterapia, no campus de Pontevedra. O traslado dos materiais realizarase os días 2, 4 e 9 de abril e a vindeira recollida ordinaria terá lugar dentro de 6 meses, excepto nos centros de maior produción, Químicas e Ciencias no campus de Vigo, onde se levarán a cabo, en caso de ser necesario, recollidas extraordinarias.

[<](#) **Seg.**
Ant. [>](#)

[\[Atrás \]](#)

